



1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
 - 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Común**" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
 - 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
 - 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
 - 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
 - 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
 - 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.
- Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. Segundo establece a Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais no seu artigo 14, o custo das medidas relativas á seguridade e saúde no traballo:

- A) Non deberá recaer nos empresarios.
- B) Re caerá nos traballadores e o empresario.
- C) Non deberá recaer de ningún xeito sobre os traballadores.
- D) Será asumido polo conxunto dos traballadores.

2. Os poderes públicos, segundo o artigo 12 da Lei Xeral de Sanidade, orientarán as súas políticas de gasto sanitario en orde a:

- A) Corrixir desigualdades sanitarias e garantir a igualdade de acceso aos servizos sanitarios públicos en todo o territorio español, segundo o disposto nos artigos 9.2. e 158.1. da Constitución.
- B) Corrixir desigualdades sanitarias e garantir a igualdade de acceso aos servizos sanitarios en todo o marco territorial.
- C) Corrixir desigualdades sanitarias e garantir a igualdade de acceso aos servizos sanitarios públicos aos cidadáns de nacionalidade española.
- D) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

3. O Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde establece que a puntuación máxima da fase de concurso non poderá exceder de:

- A) Trinta e cinco por cento da puntuación máxima alcanzábel no proceso selectivo.
- B) Coarenta por cento da puntuación máxima alcanzábel no proceso selectivo.
- C) Cincuenta por cento da puntuación máxima alcanzábel no proceso selectivo.
- D) Coarenta e cinco por cento da puntuación máxima alcanzábel no proceso selectivo.

4. Que ocorre se en primeira votación o candidato á Presidencia da Xunta de Galicia non obtén a maioría requirida?

- A) Procederáse a unha nova votación corenta e oito horas despois da anterior.
- B) Procederáse a unha nova votación vintecatro horas despois da anterior.
- C) Procederáse a unha nova votación dentro do prazo de vintecatro horas.
- D) Procederáse a unha nova votación setenta e dúas horas despois da anterior.

5. O artigo 43.3. da Constitución Española di que:

- A) Os poderes públicos fomentarán a educación sanitaria, a educación nos colexios e nas universidades.
- B) Os poderes públicos fomentarán a educación en igualdade.
- C) Os poderes públicos fomentarán a educación en todos os españois.
- D) Os poderes públicos fomentarán a educación sanitaria, a educación física e o deporte.

6. De acordo co artigo 35 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, sen prexuízo das competencias atribuídas ás restantes administracións públicas de Galicia, e en coordinación con elas, corresponde á Consellería de Sanidade en materia de saúde laboral o exercicio da seguinte función:

- A) A elaboración e aprobación dos protocolos de vixilancia sanitaria específica segundo os riscos para a detección precoz de problemas de saúde que poidan afectar aos traballadores e traballadoras no desenvolvemento das súas tarefas.
- B) A promoción da información, formación e participación dos traballadores e empresarios nos plans, programas e actuacións sanitarias no ámbito da saúde laboral.
- C) A supervisión da formación que, no terreo da prevención da saúde laboral, haxa de recibir o persoal sanitario dos servizos de prevención autorizados.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

7. Segundo o artigo 50 do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde sempre que a duración dunha xornada exceda de seis horas continuadas, deberá establecer un periodo de descanso durante a mesma:

- A) De duración non inferior a quince minutos.
- B) De duración mínima de trinta minutos.
- C) De duración máxima de trinta minutos.
- D) De duración dunha hora como máximo.

8. Segundo o artigo 30 da Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, o órgano colexiado adscrito ao Ministerio de Traballo ao que corresponde o asesoramento, avaliación, colaboración institucional, elaboración de estudos e propostas de actuación en materia de violencia de xénero, denomínase:

- A) Observatorio Estatal de Violencia de Xénero.
- B) Observatorio Estatal de Violencia sobre a Muller.
- C) Delegación Especial do Goberno contra a Violencia de Xénero.
- D) Delegación Especial del Gobierno contra la Violencia sobre la Mujer.

9. En que casos se permite a restrición da información en interese do paciente, segundo o artigo 7 da Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes?

- A) Cando o paciente o solicite expresamente.
- B) Só en casos de intervencións cirúrxicas.
- C) Por existencia acreditada dun estado de necesidade terapéutica.
- D) Non hai restricións permitidas.

10. Segundo a Lei 3/2001, do 28 de maio, cando o médico traballe por conta e baixo a dependencia dunha institución sanitaria, as historias clínicas son propiedade de:

- A) O persoal médica responsable da súa asistencia.
- B) O paciente, en todo caso.
- C) A familia do paciente, no suposto de falecemento deste.
- D) A Administración sanitaria ou entidade titular do centro sanitario.

1. O artigo 10 da Lei Xeral de Sanidade establece que os pacientes teñen dereito a:

- A) Que se lles asigne un médico, do cal se lles dará a coñecer o nome, que será o seu interlocutor principal co equipo profesional e non será substituíbel.
- B) Que se lles asigne un equipo sanitario, o nome das persoas que o forman daráselles a coñecer e velará pola súa saúde e integridade física.
- C) A elixir o médico e os demais sanitarios titulados de acordo coas condicións contempladas na Lei Xeral de Sanidade, nas disposicións que se diten para o seu desenvolvemento e nas que regulen o traballo sanitario nos centros de saúde.
- D) A elixir o médico e o persoal enfermaría xeral entre as opcións que lles presenten o responsable do seu caso. Fará falta o consentimento por escrito no caso de cambio.

2. O artigo 20 da Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, determina que se conservarán indefinidamente:

- A) As follas de consentimento informado.
- B) Os informes de alta.
- C) Os informes de anestesia.
- D) Todas as respostas son correctas.